**Á SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO**

CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. XUNTA DE GALICIA

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 03/10/2018 12:50:16
**ENTRADA 19336 / RX 2489184**

**AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

CONSELLARÍA DE SANIDADE. XUNTA DE GALICIA

Mª Xosé Abuín Álvarez, co DNI 31.836.309P, en nome e representación Confederación Intersindical Galega (CIG),

Angel Cameselle Corbacho, co DNI 35.999.516P, en nome da Federación de Sanidade de CCOO,

Javier Martinez Fente, co DNI 35.440.603H, en nome da Federación de Sanidade de UGT,

Carmen Garcia Rivas, co DNI 36.006.687A, en representación do Sindicato SATSE,

Daniel Otero Castiñeira, co DNI 76.619.900T, en representación do Sindicato CSIF,

José Victor Crespo Comesaña, co DNI 36.005.072K en representación do Sindicato OMEGA,

Antonio Otero Peña co DNI 32.637.187A , en representación do Sindicato CESM,

con enderezo a efectos de notificación dos tres primeiros asinantes en Miguel F. Caaveiro 10, 8 e 12 respectivamente, 15703 Santiago de Compostela,

**deciden convocar <u>Folga Legal</u> nos centros sanitarios do SERGAS, do ámbito da Atención Primaria, denominados PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PACs). ). Nas 7 áreas sanitarias que recolle o artigo 68 da** *LEI 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.*

O ámbito da folga afectará a todo o persoal estatutario das categorías de Medicina de Familia e de Enfermaría, que presta os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada do SERGAS.

A FOLGA desenvolverase desde ás 15 horas dos días **16, 19, 23, 26 e 30 de outubro e 2, 6 e 9 de novembro,** rematando ás 08 horas do día seguinte; e desde as 08 horas dos días **21 e 28 de outubro e 4 e 11 de novembro**, rematando ás 08 horas do día seguinte.

**Mediante a presente convocatoria de FOLGA,** as Organizacións Sindicais convocantes queremos poñer de manifesto diante da Administración Sanitaria e da opinión pública a nosa preocupación pola situación que se está a vivir nos Puntos de Atención Continuada (PACs) e que está sendo obxecto de negociación nunha Comisión Técnica da Mesa Sectorial.

A convocatoria desa Comisión Técnica estivo precedida dunha recollida de sinaturas dun numero importante das e dos profesionais afectados, que reclamaban:

- Equipos completos médico/enfermeiro en tódolos PACs. A atención a emerxencias sen persoal adecuado non é aceptable nun país desenvolvido; e a responsabilidade desta asistencia de baixa calidade é da mala planificación por parte das EOXI.

- Respecto aos tempos de traballo do persoal conforme a directivas europeas, que están para garantir unha atención eficiente por persoal descansado en beneficio dos pacientes. Isto debe ser independente de ter un contrato fixo ou traballo fraccionado, o fraccionamento de contratos non pode empregarse para non cumprir cos descansos.
- Calquera avaliación de "derivación hospitalaria" debe ser eliminada das listas de obxectivos, xa que as derivacións non son opcionais, seguen criterios médicos. Os ADX deben adecuarse ao traballo no PAC.
- A existencia de criterios obxectivos para a dotación de persoal nos PACS en base á carga asistencial, dispersión, distribución etaria, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061 para garantir o dereito a asistencia.
- O pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade dende este momento e con carácter retroactivo dende o 2010.
- Que non se aumente a xornada laboral efectiva das 1451 horas actuais, calquera exceso de xornada debe ser voluntario, incentivado e por tramos; empeorar as condicións laborais aumentarán as fugas de persoal a outras áreas e servizos e empeorarán a asistencia.
- Computo axeitado de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos.
- As asistencias a calquera reunión convocada dende as xerencias deben ser contabilizadas coma xornada laboral.
- As dietas dos domingos e festivos deben ser aboadas pola comida e pola cea.
- Elaboración dos calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio de PAC, ocupando o persoal voluntario os ocos.
- A dotación de Equipos de Protección Individual a todo o persoal que traballa nos PACs, inda que sexan persoal en formación ou ocasional. Debe existir un circuíto de limpeza que evite ter que levar a roupa a lavar ao domicilio persoal.

Despois de máis de 6 meses de reunións, na última, celebrada o 21 de setembro de 2018, o SERGAS perdeu unha oportunidade importante para clarificar aspectos que levan varios meses a ser debatidos sen chegar a ningún acordo, entre eles o xeito de computar a xornada ordinaria (obrigatoria) e a complementaria (voluntaria) e como afectan a ese cómputo os permisos e as situacións de IT do persoal.

As Organizacións Sindicais reclamamos que se mude o criterio de que "toda xornada traballada ten unha parte de ordinaria e outra de complementaria" e que se incorpore o que recolle a literalidade do acordado, separando a xornada ordinaria da complementaria e recoñecendo que a xornada complementaria é a realizada "por riba da acordada como ordinaria".

A ordenación da xornada é fundamental para poder garantir a calidade asistencial nun dispositivo básico que ten que ofrecer atención continuada ás urxencias e emerxencias que se producen en calquera punto do noso territorio.

A irresponsabilidade da dirección do SERGAS, prolongando a solución deste conflito, non fai máis que poñer de manifesto a súa incapacidade para facer fronte aos desafíos asistenciais que temos por diante, uns relacionados coa nosa demografía e outros ocasionados pola xestión incompetente dos recursos humanos.

As Organizacións Sindicais convocantes esiximos unha resposta inmediata ás reivindicacións que levan sobre a mesa máis de seis meses para poder poñer as bases que permitan garantir unha asistencia sanitaria de calidade.

**O Comité de Folga estará composto por:**

-Manuel González Moreira. CIG. DNI 36020822Q

-Emilia Lamas Seoane. CCOO. DNI 32747156D

-Carlos Jesus Cancela Rodriguez. UGT. DNI 35283430G

-Pilar Oviedo González. SATSE. DNI 34916203H

-Daniel Otero Castiñeira. CSIF. DNI 76.619.900T

- Antonio Otero Peña. CESM. DNI 32637187A

-Secundino Javier Barreiro Balseiros. OMEGA. DNI 35312283S

-Ana Isabel Boedo Arcas. Médica PAC Casa del mar. DNI 32792084H

-Ana Belen Puga Bello. Médica PAC de Curtis. DNI 36097520D

-Carlos Gabián Pereira. Médico PAC de Tui. DNI 36139054M

-Elisa Ausín Rodriguez. Médica PAC Porriño. DNI 53170292L

-Pilar Rodríguez Pérez. Enfermeira PAC A Guarda. DNI 53178652F

Compostela, 3 de outubro de 2018.

CIG.
Asdo.: Mª Xosé Abuín Álvarez

CCOO.
Asdo.: Angel Cameselle Corbacho

UGT.
Asdo.: Javier Martínez Fente

SATSE.
Asdo.: Carmen García Rivas.

CSIF.
Asdo.: Daniel Otero Castiñeira

CESM
Asdo.: Antonio Otero Peña

OMEGA
Asdo.: José Víctor Crespo Comesaña